

HISTORIA DO BALONMÁN EN BUEU

25 ANOS DO BUEU ATL.

Texto: Salvador Castro Otero e Jesús Martínez Martínez

2002

Historia do Balonmán en Bueu

Bueu Atl. Balonmán. 2002

Co noso agradecemento a Alba Poses pola súa desinteresada colaboración.

CARTA DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA

Chega o Clube Bueu Atlético á emblemática idade de 25 anos. Un cuarto de século adicado con plenitude e ilusión á difusión da modalidade do balonmán nesa parcela privilexiada do Morrazo.

Desde esta Federación Territorial non temos máis que felicitacións para esta magnífica pleiade de dirixentes e deportistas do clube Bueu Atlético. Máis dunha vez desde esta casa púxose como exemplo de bo facer e organización. Só así se entende a súa traxectoria ascendente, o esmerado coidado da canteiro e o seu espírito de colaboración con todos.

Agardamos que estas bodas de prata que agora celebramos sirvan para consolidar o proxecto do clube Balonmán Atlético, a súa aposta pola formación e actualización dos técnicos, o traballo esgotador cos nenos e nenas e a sa ambición de colocar os seus primeiros equipos nas cotas máis altas do balonmán galego.

Noraboa a todos: directivos, cadro técnico, xogadores e afeccionados. Adiante e a polos 25 vindeiros anos que, sen dúbida, estarán cheos de satisfaccións persoais e deportivas.

Vigo, 11 de decembro de 2002

Ramiro Losada Bastos
Presidente da Federación Galega de Balonmán

HISTORIAL DO CLUBE

1988 PREMIO Ó "MELLOR LABOR CO DEPORTE BASE", DA FEDERACIÓN GALEGA.

1989 PREMIO Ó MELLOR CLUBE DO CONCELLO DE BUEU.

1990 PREMIO DA FEDERACIÓN GALEGA Ó "MELLOR LABOR CO DEPORTE BASE".

1991 PREMIO Ó "MELLOR CLUBE DE GALICIA" DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN.

1993 PREMIO DA FEDERACIÓN GALEGA Ó "MELLOR LABOR CO DEPORTE BASE".

1994 PREMIO DA XUNTA DE GALICIA Ó **MELLOR CLUBE GALEGO** NA MODALIDADE DE BALONMÁN.

1999 PREMIO DA XUNTA DE GALICIA Ó **MELLOR CLUBE GALEGO** NA MODALIDADE DE BALONMÁN.

TETRACAMPIÓN DA COPA GALICIA: 1993, 1994, 1999, 2000.

HIMNO DO CLUBE

Embaixo o doce bico do solpor
No berce azul das ondas na ribeira,
Os homes dunha nova sementeira
Pintaron as estreas doutra cor.

O lóstrego agochado do valor
Xurdiu coma brota a primavera
Facendo dunha Vila mariñeira
A máis fermosa, branca e nobre fror.

Bueu
Atoparás
No pavillón
As túas ás
De campión

Bueu
ti levarás
o corazón
por onde vas
feito afección.

Preto das leiras
E do fogar
Noutras fronteiras
Alén do mar

Bueu
Atoparás
No pavillón
As túas ás
De campión

Bueu
ti levarás
o corazón
por onde vas
feito afección.

Bueu, Bueu...
Atlético Balonmán

A loita nos alenta para gañar
E o noso xa non é de fantasía,
Se non a realidade día a día
Dun Clube sempre presto a se agrandar.

Historia do Balonmán en Bueu

¡Rapaces e rapazas escoitar!...
O berro do deporte e a súa alegría
feitizo alporizado, lanzalía,
bandeira dunha terra é que ensalzar.

ÁS DE CAMPIÓN

¿Por que un Himno?

Toda entidade que se precie debe ter un himno, unha cantiga que reseuma, ós acordes dunha música, o espírito de loita e agarimo por unhas cores e un ideal.

¿Que debe expresar?

O sentir dunha afección e dun anhelo na procura do feito mesmo, sempre fermoso, que supón conseguir unha victoria no eido do deporte.

¿Foi difícil compoñelo?

Máis do que pensaba e menos do que en realidade custou. Explícome: crin, depois de ter feitos outros, que ía ser doado, pero coñecendo e querendo como eu quero esta terra, cando me dispuxen a "parilo", decateime de que as ideas se agolpaban unha tras outra, e depois de varios intentos, unha tarde, niso dunha hora, os versos, envoltos nas notas musicais, danzaban coma se uns e outras naceran xusto para facelo así.

¿E a súa estrea?

¡Foi un dos días máis emocionantes da miña vida! Dixeno, digoo e mantéño. Creo que poucas persoas podemos xactarnos de mirar todo un pobo posto en pé cantando o que un fixo. Dende ese momento, quérano ou non as xentes, a miña alma xa quedou para sempre aquí e por iso: ¡Eu tamén me sinto, aínda que tan só sexa nun pequeno anaco, parte da vida de Bueu!

Cecilio Lago González

O ESCUDO DO CLUBE

Alá polo ano 80 o Clube estaba integrado na Asociación Cultural "Eduardo Pondal" que tiña o escudo de Bueu rodeado por unhas pólas de carballo, como emblema. Cando desaparece a Asociación, a directiva plantexouse na necesidade de ter un símbolo representativo no que se poideran identificar o noso pobo e o noso deporte. Para tal labor requiriron a axuda José Avelino Pazó que cursara estudos de Belas Artes e se dedicaba ó deseño de anagramas para empresas.

José Avelino cumpriu cos requerimentos e presentou un deseño no que aparecía o escudo de Bueu con pequenos cambios, cunha orla onde aparece o nome do clube e un balón de balonmán e unha portería.

Nun primeiro momento non había cores definidas, pero co gallo do ascenso á 2ª Nacional, no ano 1991, decidiuse fixar as cores do emblema, e como a Vila e o deporte xa estaban representados. elexiuse as cores representativos de Galicia: o branco e o azul.

Poucos anos despois, coincidindo co proxecto "Bueu con forza", Juan José García "Jota" creou un alegre emblema que representa ás excolas do clube. Este anagrama coñecido polo nome da súa protagonista, unha balea apresiva e simpática, simboliza o carácter lúdico das actividades coa base.

CRÓNICA DE 25 ANOS

¡Qué lástima
que no pudiendo contar outras hazañas, [...] vengamos, forzado, a cantar cosas de poca importancia!

León Felipe : *Versos y oraciones del caminante.*

A Prehistoria

Non teñen estes cronistas noticias de que, nun tempo lonxano, nesta Vila nosa, houbo persoas que se adicaran ó balonmán; poida que, nalgún caixón exista unha fotografía, algún recorte de prensa, algunha nota manuscrita que fale dun grupo de deportistas que tentaran introducir un balón dentro dunha portería empregando as mans, pero cando redactamos estas notas forman parte do esquecemento.

Xusto porque esta narración quere ser memoria, queremos comezar lembrando á persoa que introduciu esta tradición que continúa o noso clube. Don Manuel Conde non reduciu o seu traballo como mestre no Colexio da Pedra á simple transmisión dos contidos curriculares senón que tentou ensinar ós seus alumnos o amor polo deporte; como non quixo pechar ese cariño dentro dos muros do recinto escolar, formou varios equipos para que competisen nos campionatos por eliminatorias que, co gallo das Festas da "Peregrina", se disputaban na Avenida de Montero Ríos de Pontevedra coa participación de clubs e colexios de toda a provincia. Aí estaban xa xogadores como José Benito Durán, Vicente Otero e Benito Piñeiro "Pitán", auténticas glorias dos primeiros tempos.

A D. Manuel correspondeulle sementar, pero coa súa marcha de Bueu parecía que todo o iniciado ía morrer aí.

25 anos do Bueu Atl.

Unha conversa parece "cousa de pouca importancia" pero ás veces serve coma unha sorte de panca para mover o universo. Jesús "Suso" Martínez animou a Ramón Martínez para que buscara un grupo de rapaces con ganas de xogar ó balonmán coa idea de formar un equipo federado. Á primeira convocatoria acoden só tres xogadores: Moncho, Benito "Pitán" e José Benito pero logo se sumaron a este esforzo: Berto, Vicente, Eligio, Josechu, Quico, Chino e Suso "Viti".

Como esta nosa memoria é un tributo ó "deus das pequenas cousas", diremos que a primeira decisión que se tomou foi, non podería ser outra, mercar un balón.

A primeira directiva foi presidida por Jesús Martínez e tivo a Ramón Martínez como tesoureiro, José Benito Durán como secretario e Alberto Bacelar, Benito Piñeiro e Jesús Piñeiro, como vocais; Jesús Pais era o delegado do equipo e Jaime Otero o do clube. A primeira decisión foi darlle nome á criatura, e claro, as cores futbolísticas do presidente quedaron patentes na entidade, que pasou a chamarse Bueu Atlético de Balonmán. Tamén acordan dirixirse a Camiña, vencellado ó Alondras (hoxe Balomnán Cangas), co fin de que fose o adestrador do equipo.

A nosa é unha historia de loita por un futuro mellor e unha historia de incompreensión. O balonmán de Bueu é unha familia e coma toda familia precisa unha casa, e foi quizá a procura dun lugar de xogo a máis sacrificada e incomprendida das súas batallas. Xa no comezo, alá polo ano 77, cando este incipiente grupo adestraba no Colexio da Pedra, tivo serias dificultades pois algúns pais dos alumnos reclamaban a pista para xogar partidos informais de Fútbol Sala. Este feito provocou que Bueu se convertese no único equipo que xogaba todos os partidos fóra da casa pois houberon de "exiliarse" na pista do C.P. San Roque de Cangas

Tamén no principio quedou claro que esta non era unha sociedade endogámica senón que quería sumar os esforzos e as ilusións de todos, así Jesús Pais invitou ó seu curmán Francisco "Paco" Diéguez, grande porteiro do que fora equipo da primeira categoría, o Vulcano, a que se unise a este equipo o que fixo cunha grande ilusión pese a ter que se desprazar dende Vigo tres veces á semana.

Os primeiros pasos (1981-83)

· Resultados deportivos:

Na tempada 80/81 o obxectivo cúmprese e o Bueu Atl. participa por primeira vez na competición federada. Militou co Marín, San Patrick, Navia, Almacenes Triunfo, B. Caldas, Victoria, Zona Peatonal Manuel Quiroga, Rasoeiro, San Cristobal e Atl. Villar na 3ª Provincial. Foi un ano de aprendizaxe, os nosos xogadores recibiron enormes goleadas pero non perderon o ánimo polos resultados nin polos problemas co lugar de xogo que máis abaixo desenvolveremos.

Na competición de Copa, gracias ós adestramentos co Alondras e a que esta entidade nos cedeu algúns xogadores, conséguense, por fin, as primeiras victorias.

Na tempada 81/82 obtense o primeiro ascenso co paso á 2ª categoría; o equipo formado por Raimundo Ogando, Gerardo Martínez, José Benito Hermelo, Agustín Pouseu, Benito Piñeiro, Hermino Piñeiro (D.E.P.), Olegario Costas, Miguel Curra, Francisco Mariño "Paco do Son" e José Ramón Martínez, adestrados por Bacelar, non foi o único artífice da victoria pois a afección que, finalmente, xa podía disfrutar do seu equipo preStou un apoio que é case mítico abarrotando a pista do recheo da Banda do Río. Cómpre lembrar tamén que era o mesmo público quen sufragaba os gastos de arbitrase mediante o depósito da súa axuda nunha gorra.

Na 82/83 o equipo refórzase coa incorporación de xogadores coma Miguel (Chisco), Antonio, Camiña, Paco do Son, Olegario e o xuvenil Julio Villanueva e aínda que está loitando sempre nos últimos postos da clasificación adquire a experiencia para consolidarse na nova categoría.

O Gran Problema: "Un lugar ó sol"

Con toda seguridade o problema máis grave da agrupación a estas alturas viña sendo a carencia dunha cancha de xogo. Se dicíamos arriba que o apoio do público fora un motor impagable, tamén temos que dicir que non todos tiveron a mesma sensibilidade. O *Faro de Vigo* nun artigo asinado por Javier Díaz titula : "Le prohíben entrenarse en un complejo escolar", "el equipo

25 anos do Bueu Atl.

de balonmano que juega siempre fuera", mesmo chega a falar de "represalias". O caso é que o Bueu debutou coma "local" no pavillón de O Grove, e disputou os restantes partidos nas canchas do Alondras ou no Colexio de San Roque na Vila de Cangas.

Máis tarde inagurarase, asfaltada, a Pista da Banda do Río, con porterías doadas pola Federación Española e que eran gardadas na Carpintería de Ribeira de Purro. A carencia de vestiarios foi paliada gracias á xenerosidade de José Antonio Agulla, Salvador Ríos e o bar "O Chouzo" que permitiron que os xogadores usaran as súas casas para cambiar de roupa.

Traballo coa base

Na tempada 81/82 coa creación do equipo xuvenil adestrado por José Benito Durán e formado por José Benito Calviño, Gonzalo Calviño, Julio Villanueva, Ramón Leal, Adolfo Calviño, Seijas, Miguel Curra e José Benito Hermelo, comeza o traballo coa base. Coma os seu maiores, tampouco gañaron partidos nesta primeira tempada na que se enfrontaron co Alondras, Carballal, Pontearreas, Mercantil ou Colexio Hogar, pero foron a primeira pedra da que habería de ser unha das mellores canteiras de Galicia..

Pouco despois, créanse equipos nos colexios públicos de Bueu, Beluso e Cela e na Banda do Río para competir no verán; destas competicións sairía o novo equipo cadete, con xogadores coma Plácido, Adelino, os irmáns Boubeta, Secho, Pablo Curra, Alberto Calviño, Carlos, Agulla, que acompañaría ó xuvenil nas vindeiras competicións.

Sería precisamente un combinado do xuvenil e o cadete o que disputaría diante do Atl. Guardés a final do Torneo Anca no Pavillón Central das Travesas de Vigo.

O nacemento das escolas

Tamén neste tempo (ano 82) nacen as Escolas de Balonmán. Converterán o clube nun referente social, pois ofrece unha forma de ocio constructivo que servirá de modelo a outros clubes xa existentes ou de posterior creación. Ademais será o traballo coa base o que converterá a esta sociedade nun referente en toda Galicia con numerosos premios polo seu labor.

Outras actividades

O Bueu Atl. sempre estivo atento a participar, xa veremos máis tarde que mesmo organizar, en eventos culturais. Alá polo mes de xuño de 1981 celébrase o I Torneo "Festa do Corpus" para o que se habilitou unha pista no recheo da Banda do Río que, malia ser de terra, foi aceptada por todos os participantes. Moitas eran as carencias; a falta de equipaxes, por exemplo, fixo que o Bueu xogase o segundo partido co equipamento do Loureiro de fútbol; os vestiarios foron os domicilios que xa citabamos arriba.

Tamén no ano 81, para inaugurar o asfaltado da Pista da Banda do Río, se celebra un torneo coa participación do Teucro, entón con Dido, o grande porteiro que logo defendería as nosas cores, e o que chegaría a ser o noso adestrador, José Manuel Chan, nas súas ringleiras; a SAR de Redondela e o noso clube.

Noutra orde de cousas a asemblea do clube decide integrarse na Asociación Cultural Eduardo Pondal o que supuxo na entidade a entrada de persoas coma José Manuel e M^a Carmen Bacelar, Agustín Gallego, Salvador Ríos, Fernando Martínez ou Álvaro Pastoriza.

A Consolidación (1983-88)

Rematada a tempada 82/83 procédese á elección dunha nova xunta directiva que estivo formada por José Manuel Bacelar como presidente, Jesús Martínez, delegado do clube, M^a Carmen Bacelar, secretaria; Xosé Ramón Martínez, tesoureiro e Salvador Ríos, Agustín Gallego, Fernando Martínez, Álvaro Pastoriza e Fernando Pastoriza como vocais.

Resultados deportivos:

O máis salientable deste período foi que despois de varios anos de loita, se logrou, na tempada 85/86 o ascenso á 1^a Territorial do primeiro equipo, coa consecución ademais do Premio á Deportividade.

Os equipos base tamén conseguiron resultados moi destacados. No ano 84/85, os xuvenís na 2^a categoría remataron segundos, só superados polo Sagrado Corazón que contaba cos que logo sería destacados xogadores da ASOBAL, Adrio e Gabi Ben Modo. O equipo Cadete Feminino debuta nesta

25 anos do Bueu Atl.

mesma tempada con grandes derrotas, pero xa no 86/87 os seus resultados serán moi brillantes.

Escolas deportivas

Cando no ano 83 a nova directiva se fai cargo do clube, ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento das escolas polo que realiza un dobre labor, dunha banda a formación de técnicos en cursos homologados para monitores e adestradores e doutra o traballo nos centros de ensino para ofrecer ós nenos a posibilidade de aprender este deporte. Este esforzo fai que a Federación Española de Balonmán conceda, no ano 84, o título oficial de Escolas de Balonmán ás do Bueu Atl.

Na seguinte tempada (84/85) continúan os cursos para a formación de monitores e serán unha constante ó longo das vindeiras tempadas. Celébrase por primeira vez a Concentración de Semana Santa en Udra coa participación de 268 nenos.

Na tempada 86/87 asiten, por primeira vez, máis de 400 nenos ás actividades de base. O 10 de Agosto de 1987, nun artigo publicado en *Faro de Vigo*, Benigno de la Torre titula : "la escuela de balonmano del Bueu At., algo más que una simple enseñanza deportiva" e poida que sexa esta a frase que resume o espírito deste clube, pois máis alá da obsesión deportiva está a súa dimensión social.

Quizá o colofón a este esforzo sexa o premio outorgado, non habería de ser a única ocasión, pola Federación Galega polo seu labor no deporte base.

Actividades culturais

Foi a sensibilidade pola cultura pero tamén a necesidade de buscar novos recursos para paliar os gastos ocasionados polo traballo coa base e os desprazamentos dos ascensos, o que levou á celebración do que habería de ser un dos referentes fundamentais da nosa andaina, o certame de comparsas. Non pagaremos nunca a axuda que supón a participación desinteresada de tantos grupos do Morrazo coma *As Pirilleiras, Os de Sempre, Os Rúans, O Xarangallo Mangallo, Os de Case Sempre, Os que dirán, Os Mulos, Os Pitufos* que estiveron xa nesta primeira edición e tantos outros que se sumarían

Historia do Balonmán en Bueu

logo; e a solidariedade que en moitas das letras mostraron connosco. Baste citar como exemplo (vede o apéndice final) os seguintes versos da letriña "Casos do Pobo" que no 1986 interpretaban *Os Mulos*:

"Temos nos aquí uns rapaces
que son dignos de admirar
que van a un baixo alquilado
pra poder entrenar.
Pero nos mirando isto
con muitísima razón
temos que exixir do Xefe
que lle faga o Pabellón.
Si isto se leva a cabo
sería a solución
pra que os rapaces do Pobo
fosen sempre a millor."

Outras actividades

Como era desexo destes cronistas non deixar no esquecemento vivencias que doutro xeito desaparecerían, imos citar aquí algúns feitos que en modo algún poden considerarse menores.

Na tempada 83/84 instálanse unhas casetas prefabricadas que serán empregadas coma vestiarios paliando así unha grande carencia.

Na tempada 85/86 os "outros torneos" medran. Así o tradicional de Corpus pasa a ser unha festa de todos, pois por primeira vez celébranse competicións en todas as categorías. Pero é tamén nese ano cando os buenenses disputan o seu primeiro Trofeo Internacional, concretamente na cidade de Porto no que participaron o Aguias de Porto, Sport Clube Señora da Hora, Boavista e Bueu.

Na tempada 86/87 o clube rende unha homenaxe a Esperanza Rodal, unha afeccionada, unha moza de 62 anos, que apoiaba o clube en todos os partidos.

Xa dixemos que un dos nosos graves problemas foi sempre o da cancha

25 anos do Bueu Atl.

de xogo, as necesidades dos equipos, as esixencias federativas e as diferencias cos adversarios eran cada vez máis grandes polo que un pavillón empezaba a ser unha necesidade imprescindible. No ano 87/88 houéronse de suspender moitos partidos e adestramentos por mor da choiva e o ascenso do clube estaba vedado pola ausencia dunha cancha cuberta. Por todo isto, no ano 86 créase a comisión pro-pavillón coa participación de todas as entidades da vila. O 15 de Maio de 1988 produciuse unha Festa; todos os deportistas levaron á rúa as súas actividades no que, sen deixar de ser un acto reivindicativo, foi tamén unha xornada de celebración e irmanamento.

Novos pasos cara adiante (1988-1992)

Este período estivo marcado por tres cambios na presidencia do clube. José Boubeta foi o presidente entre os anos 88-90, cando o substituíu José Luis De La Torre que por razóns profesionais houbo de abandonar a presidencia. Manuel Torres colleu o relevo durante a tempada seguinte.

O problema do pavillón seguiu a ser o máis urxente pois os intentos de ascenso, dos que logo falaremos, viñan condicionados por non ter unha pista cuberta. Na tempada 91/92 a asemblea, por unanimidade, decide entregar o clube ó concello pois ó non estar rematadas as obras das instalacións non se podía ascender de categoría. A resposta dos afeccionados en cartas ó director como as asinadas por Isabel Martínez no *Atlántico* e no *Faro de Vigo* así como as de A. Acuña no *Diario de Pontevedra* deron novas forzas e obrigaron á directiva a facer un último esforzo.

Este novo pulo estivo tamén respaldado por unha maioría do pobo de Bueu, así o 17 de Maio do 92 houbo outra nova festa para solicitar a construción do recinto requerido. O 18 de outubro do mesmo ano unha manifestación de máis de 2000 persoas saíu á rúa para apoiar as peticións de todos os deportistas pois esta necesidade, aínda que perentoria para nós, non era só da nosa exclusividade.

Resultados deportivos:

Na tempada 88/89 o primeiro equipo xoga a Fase de Ascenso a 2ª Nacional, sendo conscientes de que a carencia de instalación lle impedía completar o ascenso. O mesmo ano o equipo xuvenil feminino remata

Historia do Balonmán en Bueu

subcampión de Liga, os xuvenís masculinos gañan a Copa Federación e obteñen o que ata hoxe é o mellor rexistro de goles nun partido dos nosos, pois gañan 52-15 ó Nigrán. Tamén se proclaman campións desta competicións os alevíns masculinos.

Tamén foron moi salientables os resultados da tempada 90/91 onde por fin se conquista o tan ansiado ascenso á 2ª Nacional. O equipo alevín masculino xoga a final da Copa Deputación e gaña o torneo de Navia.

Traballo coa base

Segue a haber un esforzo de formación de formadores; así no ano 89 Alberto Calviño e Ramiro Nores obteñen o primeiro ciclo de adestradores nacionais. No 91, 22 membros do Bueu Atl, acadan o título de monitores da Federación Galega, aumentando así considerablemente o número de titulados.

Ó rematar a tempada 89/90 a Federación Galega concédelle ó noso clube o galardón ó mellor labor co deporte base.

Actividades culturais e outros eventos deportivos

Na tempada 88/89 vólvese disputar o torneo de Corpus en todas as categoría e celébrase, en Bueu, o I Torneo Internacional cun enfrontamento entre o Bueu Atl e o Sport Clube Señora de Hora de Portugal.

Na tempada 89/90 ten lugar en Pontevedra o Campionato do Mundo Junior, e a selección española composta polos que co paso do tempo serán auténticas lendas do noso deporte: Jordi Núñez, Barrufet, Massip, Olalla, Valenzuela, Garralda, Esquer, Barbeito, Urdiales e o mesmo Urdangarín, estivo presente na presentación da tempada do Bueu Atl. O campionato sería gañado pola selección da antiga URSS, con Talant Duishabaev, elixido varias veces mellor xogador do mundo e que visitaría a nosa vila anos despois. No acto tamén se entregan placas de recoñecemento a Ramiro Nores e Alberto Calviño.

No remate desta tempada o Concello de Bueu concede ó Bueu Atl. o premio ó mellor Clube da Vila.

25 anos do Bueu Atl.

Na tempada 91/92 a Xunta de Galicia declara o noso equipo "Mellor Clube galego" na modalidade de balonmán.

Máis alá (1992-2000)

A tempada 92/93 supón a estrea de Roberto Vidal como presidente do Clube, cargo que ocupa dende entón ata o momento de redactar estas notas.

Aspectos sociais

"Se os xogos deportivos proclamar
desexas, meu corazón,
non trates ti xa de contemplar
en pleno día astro luminoso, a través do éter ermo
máis cálido que o sol,
nin nós un certame superior ó de Olimpia cantaremos
lugar de onde procede o Himno, por moitos entoado,
que envolve o enxeño dos poetas, para que canten
ó fillo de Chronos cando cheguen ó próspero
fogar benaventurado de Hierón."

Píndaro: *Epinicios*

Perdoe o amable lector esta cita clásica pero é que por fin o 3 de outubro de 1993 prodúcese a inauguración do tan desexado pavillón e a Comisión de deportistas e o Concello deciden organizar unha marcha olímpica por relevos, en representación dos distintos clubs da Vila, dende o recheo da Bando Río ata o novo recinto. A honra do último relevo recaeu no grande xogador de fútbol que fora do Real Madrid e Barcelona, entre outros, Lorenzo Amador. Na cancha agardaban 300 atletas con vestimenta deportiva agás os amigos do xadrez con atavío de gala. A prensa recollerá con grande espazo este evento. O *Diario de Pontevedra* dedícalle toda unha páxina asinada por Álvaro Agulla que titula: "El Pabellón de Deportes registró el sábado el primer gran lleno de su historia con 1300 aficionados. Extraordinario éxito de la "marcha olímpica" de deportistas y la inauguración del recinto".

Como remate disputouse o partido entre o clube local e o Universitario de Santiago con máis de 1300 persoas na bancada. O *Correo Gallego* comentaba nas súas páxinas: "El Universitario no pudo con la presión del Bueu

Historia do Balonmán en Bueu

Atl. ni con los más de 1300 aficionados que llenaron el pabellón, lo que no deja de ser un hito en este tipo de encuentros".

O Bueu Atl. non foi un simple inquilino da nova casa senón que, da súa propiedade puxo ó servicio de todos os cidadáns de Bueu numeroso material como o do ximnasio, as redes, arranxos nas oficinas...

Na tempada 93/94 ten lugar o I Torneo do Morrazo que co tempo se converterá nunha competición moi prestixiosa.

Ademais do tradicional Festival de Comparsas que haberá de pervivir ó longo de todo este período, o ano 93 trae unha nova actividade cultural tan da nosa sensibilidade; trátase do I Certame de Redacción e Artes Plásticas organizado por Cecilio Lago para todos os colexios da Vila; dende entón será un labor permanente.

O 4 de agosto de 1996, por primeira vez, que teñamos noticia, unha selección española xoga en Bueu: a selección Junior de Balonmán.

Na tempada 96/97 Galivisión convértese no noso patrocinador, o que fai que a cerimonia inaugural sexa un auténtico espectáculo visual pois proxéctase en pantalla xigante e repítense as xogadas máis salientables da tempada anterior. Neste acto de presentación tamén se estreará o Himno do Clube con letra e música do poeta vigués e colaborador noso, Cecilio Lago, e interpretación da Comparsa os Mulos.

O ano 97 estará cheo de acontecementos moi destacados: o 15 de marzo de 1997 Talant Dujsehebaiev, considerado un dos mellores xogadores de todos os tempos e gañador, varios anos, do premio ó mellor balonmanista do mundo da tempada - un equivalente ó Balón de Ouro en fútbol-, clausura as escolas e imparte unha conferencia-coloquio que encheu a Casa da Cultura.

O 21 de Marzo o adestrador da Selección Española Absoluta, Juan de Dios Román, tamén nos visita e participa nunha charla cos cidadáns do pobo.

A 97/98 vólvese a inaugurar con outra espectacular demostración audiovisual, rematada cos desfiles dos xogadores de base e o himno, esta vez interpretado pola Coral Polifónica de Bueu.

25 anos do Bueu Atl.

En outubro do 97 édítase por vez primeira o boletín "Bueu con Forza" dirixido por Juan José García con novas do clube, artigos de xogadores e adestradores e que chegaría a alcanzar os 34 números.

Ese mesmo mes, concretamente o día 10, pola necesidade de obter fondos, realízase un desfile de moda coa colaboración das tendas Brenateal, Chiña Lencería e Deportes Quirós.

Na 98/99 a presentación é máis modesta e ten lugar no Salón de Actos do Joham Carballeira coa actuación das corais de Bueu e Beluso.

O 23 de decembro ten lugar o IV Torneo "Construcciones Padrón-Ferro" que conta coa participación do equipo portugués Francisco de Holanda de Guimaraes que venceu por 21-33.

Organizáronse en Bueu os Campionatos Galegos Cadete Masculino. Cren os cronistas que é bo, neste punto, comentar a importancia do deporte como xerador de riqueza pois o acontecemento fixo que máis de 150 persoas estiveran aloxadas nos distintos hotéis de Bueu, unha cifra que debería facer reflexionar.

En Abril, Manuel Laguna, seleccionador nacional Jr., imparte unha charla para monitores e xogadores.

É designado unha vez máis MELLOR CLUBE DE GALICIA DE BALONMÁN, o xurado reconeceu o carácter modélico do clube pois estaba a ser o paradigma a seguir por todas as entidades de Galicia.

A Base e a Escola

Este período caracterizarase porque as actividades antes comezadas, os equipos base e as concentracións en Cabo Udra, acadarán un enorme esplendor tanto polo aumento do número de participantes como pola mellora que supón a aparición de titulados superiores na coordinación das mesmas.

Botemos unha ollada, acaso esclarecedora, ó número de equipos e licencias do clube nestes anos:

Historia do Balonmán en Bueu

TEMPADA EQUIPOS		LICENCIAS
92/93	14	230
93/94	22	387
94/95	17	287
95/96	14	252
96/97	9	198
97/98	10	213
98/99	10	205
99/00	10	207

Estas frías cifras poden non mostrar, ás claras, o titánico do labor dos nosos monitores de base; convén dicir que en moitos destes anos, o Bueu Atl. foi o clube de Galicia con máis xogadores federados, só con pensar na diferenza de habitantes coas grandes cidades do noso país podemos comprender a grandeza do traballo. A quen as magnitudes non os conmovan, prégolles que reflexionen sobre as alternativas de ocio que lles corresponderían ós cativos se carecesen desta. Cren estes cronistas xusto render homenaxe neste momento non só a escola de Balonmán senón a todas as que os distintos clubes deportivos ofreceron de xeito desinteresado ós nenos e que serán sempre unha referencia no seu divertimento e na súa formación como persoas no espírito de sacrificio, de compañerismo...

Tamén foi un período preñado de galardóns. No curso 92/93 Bueu recibe o mellor traballo co deporte base. Na tempada 94/95 e 99/00 a Xunta de Galicia concede ó Bueu Atl. o premio ó mellor clube de Galicia na modalidade de balonmán, un recoñecemento á traxectoria de fidelidade dos socios, ó traballo dos directivos, monitores, xogadores, á axuda dos patrocinadores e ó apoio incondicional dos afeccionados no pavillón.

No 93/94, atentos sempre á formación en tódas as actividades do noso deporte, prodúcese o primeiro cursiño de árbitros na Vila.

No período 96/97 prodúcese o desenvolvemento do programa "Bueu con forza" no que participan máis de 500 nenos de todo o Morrazo, o clube organiza os campionatos escolares, a copa da mancomunidade e concentracións de varias fins de semana con xogadores de todas as categorías.

Resultados deportivos

O primeiro equipo pasou todo este período loitando na parte alta da 2ª Nacional, coqueteando sempre cun ascenso que non chegaría ata entrado o 2º milenio.

Sorprenderá ó amable lector que moitos dos resultados que os cronistas reflicten neste apartado correspondan ás categorías base, pero se ben se pensa, é coherente co noso modo de actuar pois o labor cos pequenos vai máis alá e é independente dos seus logros deportivos, e só o especificamente competitivo entrará neste apartado.

Na tempada 92/93 o equipo cadete masculino resultou campión do seu grupo gañando 26 de 27 partidos e disputou as semifinais do campionato galego. O equipo infantil masculino chegou tamén ós cuartos de final da competición autonómica.

Na 93/94 o equipo senior de 2ª Territorial ascende á 1ª. Os cadetes volven gañar a súa liga tamén cunha soa derrota. Estes mozos, coñecidos daquela como "os Felecho boys" disputarían o 3º e 4º posto da Copa Galicia.

No curso 94/95 o xuvenil masculino remata 3º na liga e subcampión na Copa Galicia.

No 95/96 de novo o xuvenil masculino remata 2º na Liga e na Copa, os alevíns masculinos disputan as semifinais da competición galega e os infantís masculinos proclámanse campións provinciais. Como anécdota desta tempada dicir que o equipo cadete feminino gaña por 6-5 ó Chapela no que foi o tanteo máis baixo de toda a historia do noso clube.

Nas competicións de 96/97 o equipo infantil masculino proclámase subcampión, sendo prexudicados pola aplicación ríxida dunha norma na final. Os cadetes masculinos clasificáronse para xogar a fase de sector galego.

Tamén houbo boas novas nas do 97/98. O equipo xuvenil remata 2º do seu grupo e brillante vencedor da Copa Federación. José J. Estévez Romero foi o máximo goleador da categoría con 128 goles. O cadete masculino remata 3º

Historia do Balonmán en Bueu

do campionato galego e o infantil masculino campión provincial. Ademais cómpre engadir que varios xogadores foron convocados para as distintas seleccións galegas, que Pablo Herbello, formado dende sempre nas distintas categorías do Bueu Atl. ficha polo Teucro de Pontevedra e que de novo o primeiro equipo gaña o premio á deportividade.

De novo a tempada 98/99 estivo chea de éxitos. O infantil masculino gaña a Copa Galicia, o cadete masculino o campionato provincial e o equipo senior de 1ª Territorial gaña o subcampionato de copa.

Este ciclo péchase no 99/00 co 4º posto na clasificación no campionato galego dos cadetes masculinos.

Quizá un dos logros máis salientables deste período foi a convocatoria, na tempada 97/98, do xuvenil David López pola selección española. López disputou, en Francia, a Copa Latina na que España resultou campiona; tamén disputou os Xogos Mundiais da Xuventude en Rusia, o seu rendemento converteuno nun habitual deste combinado nacional, para honra e gloria da nosa Vila e do noso Clube.

Días de hoxe, historias do novo milenio.

O novo milenio chega con nova moeda; é por iso, que os de Bueu sempre atentos ás novidades, e sempre necesitados de axuda económica celebran o campionato pesetas vs. euros, tratábase de recadar fondos polo sistema de encher unha cancha de balonmán pintada na rúa Montero Ríos, metade coas antigas moedas, metade coas novas; gañaron as pesetas e a recadación final superou a penas as 50.000 pts.

Escola

Bueu seguiu a ser un referente de toda Galicia, na tempada 00/01 con 13 equipos e 260 licencias, na 01/02, 12 equipos, 240 licencias e 65 minibenxamíns, na 02/03 unha vez máis Bueu supera a Vigo, Pontevedra, Santiago, Coruña, Ourense... e é o clube con máis equipos e xogadores con 13 e 193.

Pero o da Escola de Bueu non é só un alarde de cantidade tamén o é de

25 anos do Bueu Atl.

calidade, calidade no social pois non deixa a ningún grupo fóra, calidade na oferta porque agora os minibenxamíns van traballar a psicomotricidade e calidade no deportivo pois varios xogadores da Vila serán convocados para a distintas seleccións galegas.

Aspecto deportivo

Na tempada 00/01 o equipo de 2ª Nacional queda ás portas do ascenso pois remata 3ª e volve gañar, unha vez máis, a Copa Galicia que parece case da súa propiedade. O equipo de 2ª Nacional feminina remata 4º na liga e semifinalista da Copa Galicia. O equipo senior de Territorial comparte o 2º/3º posto. O xuvenil masculino remata 2º da 1ª fase, 3ª da 2ª e 5º na fase galega; cómpre destacar que Oliver Villanueva foi o máximo goleador da categoría. Os cadetes masculinos remataron subcampións da súa liga e 4º no campionato galego, o cadete feminino rematou 6º e os benxamíns gañaron a Copa Deputación.

O curso 01/02 comeza coa ansiada participación do Bueu Atl. na 1ª Nacional ó desaparecer da mesma o Pisuerga. A Cabanelas correspondeulle a honra de marcar o primeiro gol nesta categoría e a José Carlos na competición propiamente dita, o equipo remata en 10 posición e Milucho proclámase máximo goleador da competición.

O equipo xuvenil gañou todos os partidos da fase previa, remata 2º no campionato galego e disputa o de España cunha actuación máis que honrosa.

En 02/03 tamén seguiron os éxitos; o 1º equipo remata 8º sendo o equipo máximo goleador, distinción que tamén, a título individual, recaería sobre Milucho que con 202 goles lograría o seu 3º "pichichi". Tamén Pablo Herbello con 149 goles (o 7º da competición) tivo unha actuación moi salientable. Pensemos estes modestos escribáns que é o momento de comentar que os xogadores de Bueu, famosos pola súa entrega, son os únicos da categoría que non cobran.

O quinto posto do equipo feminino de 2ª Nacional parece dicir pouco, por iso é importante sinalar que ata o último momento estiveron a loitar pola victoria.

Historia do Balonmán en Bueu

O xuvenil-masculino rematou 1º ex-aequo na 1ª fase, 2º detrás do Octavio na 2ª e 4º na final; o xuvenil-feminino tivo unha tempada moi irregular e mesmo tivo que renunciar á Copa Delegación.

Os equipos base presentaron outra colleita de éxitos; o cadete masculino 4º de Liga e 5º de Galicia, o cadete-feminino subcampión de Copa, o infantil-feminino campión da 1ª fase. Os alevíns masculinos e femininos xogaron as fases finais e os masculinos foron subcampións de Copa.

Agora que, a estes cronistas, parece agotárselles a tinta, sería bon pensar se o Bueu Atl. é unha aldea coma a de Astérix, perdida nun recuncho da fisterra ou é un clube con vocación universal. Entenden estes modestos escribanos que se ben as incursións por toda Galica, por grande parte de España e Portugal demostran a apertura desta entidade que non deixa de ser un escaparate do Pobo, é probablemente a presenza, en Bueu, dun equipo da Illa Reunión, situada en pleno Océano Índico, o que mostra máis ás claras o espírito cosmopolita deste clube no que todo o mundo é acollido e que quere que todo o mundo sexa acollida.

TESTEMUÑAS: UN PRESIDENTE, UN XOGADOR, UN ADESTRADOR.

O Presidente:

Cando me faloron de escribir unha palabras como resumo da miña etapa como presidente do Clube Bueu Atlético de Balonmán, pensei que non me chegaría este espacio para resumir a miña experiencia; pero oa ter necesariamente que cingirme a uns máximos, e, tras darlle moitas voltas, decateime que cunha simple palabra chega: Gracias. Pola vosa amizade, pola vosa fe en min, por todo: moitas gracias.

Non sería xusto se non tivese un especial recordo das persoas que colaboraron comigo para levar a bo porto a dificultísima empresa que daquela era a supervivencia anual do Clube. Todas elas foron fundamentais para o bo desenvolvemento do día a día. Na parte técnica debo agradecerlle a Paco "Felecho" o seu traballo e todo o mérito de conseguir unha plantilla competitiva e un grupo cohesionado que diderou con acerto. Teño un recordo especial para o capitán do equipo dos seniors, "Carra", unha extensión do entrenador na pista, que demostrou que a experiencia e o amor a un deporte son vitais nun grupo que quería acadar obxectivos deportivos. Tamén me lembro, como non, de todos aqueles que traballaron coas categorías base (o verdadeiro obxectivo do Clube) e dos equipos femininos, que fixeron posible que moitas rapazas de Bueu poidesen practicar deporte de equipo. Citar os seus nomes sería comprometido pois o simple feito de esquecerme dalgún, podería ser un erro grave pola importancia do traballo de todos e cada un.

O Clube adoeecía de todos os medios materiais necesarios (aínda que ía sobrado de ilusión, boa xente, traballo e adicación). Non había pavillón (*tivemos que xogar e entrenar toda a tempada en Cangas, no pavillón do Monte Carrasco -graciñas Otero e a dirección do Centro María Soliño*) como quedamos campións da fase regular, tocounos organizar a Fase de Ascenso, tamén en Cangas, aínda que esta vez no pavillón do Alondras (*o meu sincxero agradecemento ós compañeiros de Cangas pola vosa axuda*), tamén a

Historia do Balonmán en Bueu

gañamos e conseguimos o ansido ascenso a Segunda Nacional (*consecuencia do traballo de todos os equipos e directivas anteriores, sen o traballo dos cales os logros desa tempada non terían sido acadados*).

Nos colectivos e asociacións que perduran no tempo, hai tempos de sembrar e tempos de recoller, a nós tocounos recoller os merecidos éxitos de TODOS os que loitaron polo balonmán en Bueu. Fomos somentes un eslabón na cadea que, afortunadamente, chega aos nosos días (e o que lle queda...).

Tampouco tiñamos patrocinador, aínda que si moitos socios e colaboradores. Ese ano conseguímolos por primeira vez (*gracias, outra vez, Publicidade Exterior Galega*) o que nos permitiu unha certa mellora económica, Cómpre lembrar que todo era AMATEUR naqueles intres, todo funcionaba polo amor ao deporte de TODOS, e incluso a algúns o balonmán lles custaba cartos do seu peto; o que segue a pasar, en grande medida, hoxendía, tanto neste Clube coma en moitos outros colectivos deportivos, escolares e culturais.

Non quero rematar se facer unha homenaxe aos moitos voluntarios que día a día, entramento tras entramento, desprazamento tras desprazamento, no seu labor de preparar o material, asistir ás competicións ou reunións, levar os xogadores ou calquera outra actividade, fan que o noso deporte siga indo adiante e que os nosos rapaces teñan actividades nas que desenvolverse como persoas. Nestes tempos valórase moito o traballo de voluntarios que van lonxe a traballar, ou que fan esforzos extraordinarios, pero este traballo diario dos que están preto de nós, pásanos moi desapercibido e non é xusto. Eu, durante un ano fun un deles e diso aprendín moito e mellorei tanto no aspecto persoal como social. Outros moitos continúan. AXÚDENLLES e valoren na xusta medida o seu esforzo e dedicación.

José Luis de la Torre.

ESCOLMA DE CANTIGAS DE ANTROIDO (1985/94)

Esta escolma quere ser unha homenaxe a todas as comparsas que ó longo deste 25 anos nos axudaron coa súa desinteresada participación no Festival anual. Sería imposible recoller aquí todas as cantigas polo que eleximos aqueles fragmentos que fan referencia á reivindicación pro-pavillón. De ante man queremos desculparnos por aquelas omisións que por falta de información se produzan.

Por respecto ós autores das letras conservaremos as súas opcións ortográficas e léxicas pois detrás delas hai unha creatividade que non poden estes escribáns mutilar.

1986 Os Mulos

"Temos nos aquí uns rapaces
que son dignos de admirar
que van a un baixo alugado
pra poder entrenar.
Pero nos mirando isto
con muitísima razón
temos que exixir do Xefe
que lle faga o Pabellón.
Si isto se leva a cabo
sería a solución
pra que os rapaces do Pobo
foran sempre a millor."

1987 Os Mulos

"Haiche cousas en proxecto
Instituto e Pabellón

dicen que si non están feitos
a culpa é da oposición."

1987 Os dos Contiños

Queremos ter un Pabellón
Queremos ter, queremos ter
un pabellón, un pabellón
queremos ter un pabellón
pra practicar
algún deporte
que no sexa
a natación.

Queremos ter
un pabellón
queremos ter un pabellón
e así nos
días de inverno
non ter tanta
ventilación

Un pabellón
queremos ter
queremos ter un pabellón
e non pillar
as pulmonías
cando nos cae
un chaparrón.

Queremos ter
un pabellón
queremos ter un pabellón
que teña un
bó vestuario
pra poder cambiar
o calzón.

25 anos do Bueu Atl.

Queremos ter
un pabellón
queremos ter un pabellón
que teña
tres ou trinta duchas
pra poder sacar
o sudor.

Un pabellón
queremos ter
queremos ter un pabellón
pra non ter que
remollarnos
cando cae ó mar
o balón.

Queremos ter
un pabellón
queremos ter un pabellón
pra poder
facer deporte
queremos ter un pabellón.

1988 As Pirilleiras

"No noso pobo de Bueu
xa temo-la solución,
o Instituto nas Lagoas
e tamén o Pabelón.
Outras cousas nesta vila
brilan pola súa ausencia
com-o Paseo da Praia
e o Servicio de Urxencias"

1988 A Vasoira Metalica

"Vou, vou, vou

Historia do Balonmán en Bueu

Bueu, Bueu, Bueu

Sen, sen, sen
Sen PABELLON
e sen CINE tamén."

1988 Os Dos Contiños

"Ese tío non se entera
debe ser algo lambón
quería dar caramelos
no pleno do pabellón"

1989 As Pirilleiras

"Prometeron Intituto
e tamén o Pabellón
non temos nin os terreos
pra facer un cajarrón"

1989 Os Pequeneques

" Houbo manifestación
co raio do pabellón
un cacho dun mamalón
quixo facer un galpón."

1990 Kritikados

"Si queres facer deporte
non vaias ó pavellón.
As terras non costaron moito,
foron todas de mogollón."

1991 Papa;Hostias!

"Dime Manolín, manolín fino Lino

"o soldo que gañas caiche de un pino"

Dime Manolón, Manolón, Manolón
porque non rematas ese Pavillón."

1992 Os Peneques

" **Badulaque** da poltrona
¿para cando o **pavillón?**
equipo de balonmán
xógache na emigración."

1992 As Expulsadas

"Temos casa da cultura
seguimos din pabellón
cando se acabe a olimpiada
traian un dos que sobrou."

1993 As Expulsadas

" Co alcalde Don Freire Lino
estamos como queremos
con esta corporación
sentadiños no poleiro.
Cavila que te cavila
van coller callo no cú.
Que acaben o pabellón
xa parece un panteón"

1993 Os Mulos

"A obra do Escorial
parece ese Pabellón
e vai tan pouquiño a pouco
pra filtrar eses millóns.

O Balonmán xoga en Cangas

Historia do Balonmán en Bueu

por culpa deses mandóns
a ver se acaban agora
que veñen as eleccións"

1994 Os Mulos

*"No pavillón, chove
inaugurado sin rematar e haber agora. (Bis)"*

1994 As Expulsadas

"Disque lle van poñer
no pavillón de Bueu
piscina climatizada
para os da terceira edá.[...]

Pero nós que lle fixemos
que non nos deixan usar
o pavillón deportivo
pra poder adelgazar"

**RELACIÓN DE GAÑADORES DOS CERTAMES LITERARIOS E
DE ARTES PLÁSTICAS.**

1993

Poesía:

Categoría A:

Cristina Verde González.

Categoría C:

Cristina López Piedras
Ana Vanesa Méndez Dosantos
Acc. M^a Carmen Cruz Meira

Relato:

Categoría A:

Olaya Mayo Chapela
Elena Diéguez Loira
Diego Docío Grob
M^a del Carmen Malvido Menduiña

Categoría B:

M^a Victoria Argibay Martínez
Andrea Sotelo Fernández
María Castro Estévez
Olalla Cerviño Davila
Lorena Sanmartín Chapela

Categoría C:

Historia do Balonmán en Bueu

Raquel Argibay Martínez

Debuxo:

Categoría A:

Andrea López Avendaño
Salvador Otero Méndez
Lino Estévez
Esp: Andrea López Avendaño

Categoría B:

Ana Cabanelas Lorenzo
Rosalía Otero Rodríguez
Esp: Rosalía Otero Rodríguez.
Acc: Isabel Martínez Martínez

Categoría C:

Aránzazu Verde Otero

Traballos manuais:

4º E.X.B.:

Leticia Menduiña Villanueva
Cristina Martínez Riobo
Sheila Juncal Pexoto
Paula Castro Varela
María Begoña Portela Guimeráns
María Herbello Pastoriza

5º E.X.B.:

Elena Diéguez Loira
María Rodas Sotelo
María Teresa Fernández Agulla

25 anos do Bueu Atl.

Elena Pastoriza Piñeiro
Belén Sánchez Estévez
Ana M^a Pastoriza Rodríguez
Olalla Cerviño Davila
Olalla Mallo Chapela
André Soage Malvido
Tania García Ruibal
Manuel Moital Davila
Daniel Fermín Piñeiro
Diego Docío Grob
Miguel Costas Malvar
Javier Paro Otero

6º E.X.B.:

Nuria Casaleiro Freire
Elena Piñeiro Caíño
María Socorro Piñeiro Santos
María Victoria Andrea Quintela
M^a Concepción García Blanco
Paula Cabaleiro Riobó
Tania Méndez Dosantos
Ana Piñeiro Barreiro
Noela Barreiro Villanueva
Andrea Blanco Mandelo
Laura Martínez Gutiérrez
Margarita Otero Piñeiro
Mirian Souto Cancelas

7º E.X.B.:

M^a Fe Pastoriza Pazos
Sheila Freire Pazos
Rocío Pérez Piñeiro
Isabel Álvarez Moital
Diana Barreiro García
Rocío Novas Piñeiro
Carmen Paz Martínez

Historia do Balonmán en Bueu

Amparo Pousada Soliño
Lucía Díaz Lorenzo
Luisa Entenza Dopazo
Elena Rodríguez Filgueira

Acc: Marta Campos Álvarez
Vanessa Pérez Villanueva
Ana Vanesa Méndez

1994

Composición artística:

6º E.X.B.:

Evaristo Riveiro Patiño
José Ramón Portela Otero
Cristina Verde
Rosario Freire

7º E.X.B.:

Melina Rodríguez López
Elena Rey Novas

Debuxo:

1º E.X.B:

Sandra López Ferradás

2º E.X.B.:

José Carlos Torres Barragán

3º E.X.B.:

Almudena Fajardo Quintela

4º E.X.B.:

Araceli Fernández Paz
Ángel Fariña Lamosa

5º E.X.B.:

Andrea López Avendaño
Alicia Cabanelas Martínez

6º E.X.B.:

Daniel F. Piñeiro Santos
Cristina Verde González
Olaya Mallo Chapela

7º E.X.B.:

Ana Cabanelas Lorenzo
Ana Saray Davila- Fernández

8º E.X.B.:

Mari Sol Novas González
Inés González Torres
Sandra Méndez Esteve
Sheila Freire Pazos
María Ascensión Gómez García
Rosa María del Río Pastoriza

Relato

2º E.X.B.:

Mª José Loira Gago

3º E.X.B.:

Historia do Balonmán en Bueu

David Portela Hernández

5º E.X.B.:

Lucía Piñeiro González

6º E.X.B.:

Tania García Ruibal
Olaya Mallo Chapela
Iván Pastoriza Estévez
Daniel F. Piñeiro Santos
Ana M^a Pastoriza Rodríguez

7º E.X.B.:

Nuria Aldao Piñeiro
M^a Socorro Piñeiro Santos
María Concepción García Blanco
Rocío Iglesias García

8º E.X.B.:

Sheila Freire Pazos
Isabel Álvarez Moital
Amparo Pousada Soliño
Rocío Novas Piñeiro

Premio especial á orixinalidade:

Rocío Novas Piñeiro

Premio especial interidades:

M^a Socorro Piñeiro Santos

Poesía:

3º E.X.B.:

Nuria Fernández Curra
Silvia Fariña Loira

6º E.X.B.:

Rebeca Gómez Pazos

7º E.X.B.:

Beatriz Sotelo Juncal
Carmen Santomé González
Mirian Souto Carracelas

8º E.X.B.:

Luisa Entenza Dopazo
Mirian Pena Villanueva

Premio especial interidades:

Carmen Santomé González

1995

Debuxo:

1º CURSO: Ana Budiño Malvido
2º CURSO: Andrea García Santomé
3º CURSO: Ivan Freire Pazos
4º CURSO: Nuria Fernández
5º CURSO: Acc. Diana Freijomil Ferradás
 1º Amaranta García Ruibal
6º CURSO: Acc. Raquel Díaz Portela
 1º Andrea López Avendaño
7º CURSO: Acc. Daniel Piñeiro Santos

Historia do Balonmán en Bueu

Paula González Otero
1º Olaya Mallo Chapela
8º CURSO: Acc. María Victoria Argibay Martínez
María Socorro Piñeiro Santos

Relato:

1º CURSO: Daniel Santomé Gallego
4º CURSO: Almudena Fajardo Quintela
5º CURSO: Elena Naihara Nieto Betancor
6º CURSO: Paula Castro Varela
7º CURSO: Rubén Bastón Meira
8º CURSO: María Socorro Piñeiro Santos.

Poesía:

4º CURSO: Silvia Fariña Loira
5º CURSO: Nerea Betancor González
6ª CURSO: Andrea López Avendaño
7º CURSO: Olaya Mallo Chapela

Premios especiais interidades:

Debuxo: Olaya Mallo Chapela
Literatura: Andrea López Avendaño

1996

Debuxo:

1º CURSO 1ºP María Lorenzo Rial
Acc. Fernando Santiago García
2º CURSO: Vanesa Pires Santos
3º CURSO: 1ºP Daniel Loira Pouseu
Acc Lorena Barbosa González
4º CURSO: 1ºP Cecilia Estévez Estévez
Acc José Carlos Torres Barragán.
5º CURSO: Andrea Sánchez Valladares
6º CURSO: Adrián Patiño Garrido.

Premio interidades: Andrea Sánchez Valladares.

Relato:

4º CURSO: Manuel Ángel Loira Gómez

5º CURSO: 1ºP Andrea Vidal Gestido

Acc Saúl Davila Santos

Sonia Ferradás Portela

6º CURSO: Juan Sampedro Pastoriza

7º CURSO: 1ºP Jesús Agulla Fazanes

Acc. Cristina Martínez Riobó

8º CURSO: 1ºP Rubén Bastón Meira

Acc Cristina Verde González

Ana Mª Pastoriza Rodríguez

Premio interidades: Rubén Bastón Meira

Poesía:

5º CURSO: Iria López Fernández

8º CURSO: Daniel Piñeiro Santos

SONETO: Olaya Mallo Chapela

Premio especial do xurado a Olaya Mallo Chapela por ter acadado polo menos un 1º posto nas catro edicións deste certame cultural.

1997

Debuxo:

GRUPO A: Enzo Cerviño Rúa

GRUPO B: 1ºP José Benito Cabaleiro Riobó

Acc. Andrea García Soage

GRUPO C: Edelmiro Gómez Baqueiro

GRUPO D: Yolanda González Álvarez

Relato:

GRUPO A: Veronica Barreiro Pena

Historia do Balonmán en Bueu

GRUPO C: Silvia Miranda Rodríguez

GRUPO D:

D-7º: 1ºP Paula Pena Villanueva

Acc. Rocío Cerviño Santiago

Patricia Outeiral Rial

D-8º: 1ºP Leticia Verde Otero

Acc Salvador Juncal Ríos

GRUPO E: Rubén Bastón Meira

Poesía:

GRUPO B: Sheila Cabanelas Juncal

GRUPO C: Laura Sotelo Estévez

GRUPO D: Amaranta García Ruibal

GRUPO E: Mirian Ferradáns Ferradás

SONETO: Laura Pérez Coya

Sabías que....

Cuestionario para lectores moi atentos ou moi cotillas

1.- Agora que xa prescribiu o delicto, poderían dicirnos de quen era o 2cv que levaba a máis de 10 persoas ós adestramentos de Cangas.

- a.- Da Empresa Cerqueiro que o usaba como autobús urbano.
- b.- De José Benito Durán que era o adestrador.
- c.- Do propio clube que o mercara cunha subvención da Xunta.

2.- ¿Cantos anos tiña Esperanza Rodal cando se lle rendiu homenaxe polo seu apoio entusiasta?

- a.- Viña de Bos Aires e pasaba dos cen.
- b.- Pasaba un pouco dos 60 pero disimulábao moi ben.
- c.- Nacera o mesmo día có clube e tiña 10 anos.

3.- ¿ Que deportista portou a "antorcha olímpica" no último relevo na inauguración do pavillón?

- a.- Don Manuel Freire Lino, entón alcalde da Vila.
- b.- Cecilio Alonso, lendario xogador de balonmán.
- c.- Amador Lorenzo, ex-porteiro de fútbol.

4.- ¿Que xogador de Bueu e con cantos goles se proclamou máximo goleador na tempada 97/98?

- a.- José J. Estévez con 128 goles.

Historia do Balonmán en Bueu

- b.- Ronaldo Nazario da Lima con 500 goles.
- c.- Fernando Romay con 100 goles nun partido.

5.- ¿Cal foi o tanteo máis alto de Bueu ó longo da súa historia?

- a.- 52-15 diante do Nigrán, en categoría xuvenil.
- b.- 100-0 contra o Madrid de baloncesto.
- c.- 75-14 contra o Teucro.

6.- ¿Quen, dos participantes no desfile inagural, vestiu de roupa de deportes o día da inauguración do pavillón?

- a.- Todos, mesmo os políticos que foron os que máis correron para saír na foto de prensa.
- b.- Todos menos os xadrecistas que deron un xaque á descuberta e vestiron de gala.
- c.- Ninguén agás o equipo arbitral que sempre dan en levar a contraria.

7.- ¿Que membro da Familia Real, participou co Bueu Atl. nun acto de apertura da tempada?

- a.- El-Rei que participou na inauguración das instalacións.
- b.- O Príncipe Felipe que disputou un torneo co equipo da Escuela Naval Militar.
- c.- Iñaki Urdangarín, membro da selección española Jr, no ano 89.

8.- ¿Cal foi o tanteo máis baixo da historia do noso clube?

- a.- 0-0 contra o Teucro en categoría cadete.
- b.- 12-12 contra o Barça en categoría alevín.
- c.- 6-5 contra o Chapela en cadete feminino.

9.- ¿Cantos dos nosos presidentes foron concelleiros de deportes na corporación municipal?

- a.- 3, polo BNG (Bacelar, Piñón e De La Torre)
- b.- 3, un polo PP (De La Torre), outro polo PSOE (Boubeta) e outro

polo BNG (Bacelar)

c.- Ningún.

10.- ¿Por que o clube ten este nome?

a.- Por un claro acto prevaricador do presidente que mostrou ás claras as súas cores futboleras.

b.- Porque eran filiais dun clube de atletismo.

c.- Porque eran republicanos e non lle quixeron chamar real.

11.- ¿Que balonmanista formado en Bueu foi internacional xuvenil con España?

a.- Ramon Santaclara como recoñecemento ó seu campionato galego de xadrez.

b.- David López que disputou torneos en Francia e Rusia.

c.- Amador Lorenzo, polas enormes baixas que houbera entre os porteiros de balonmán.

12.- En Lalín, por mor dun partido do que prefiro non acordarme non hai moito tempo que un home duns 80 anos invadiu a pista, o ardente afeccionado do Deza foi detido con estas palabras: "avó, avó, onde vai, non ve que o imos mancar...". ¿Podería dicir quen foi o autor da placaxe verbal?

a.- Tomás Barreiro, quen o imaxinara de alcalde.

b.- Alfaya, sempre tan atento ós dereitos da Terceira Idade.

c.- Pablo Herbello, que demostrou ser tan rápido coas palabras como coa pelota.

13.- ¿Que xogador formado en Bueu, fichou polo Teucro no ano 98?

a.- Vicente Otero que volvía ó balonmán despois de tantos anos.

b.- Pablo Herbello que militara toda a vida nas categorías inferiores.

c.- Maradona que pasou por un cursiño intensivo en Cabo Udra.

14.- ¿Que deportista galardoado en varias ocasións co premio ó mellor do mundo na súa especialidade visitou Bueu?

Historia do Balonmán en Bueu

- a.- O balonmanista Talant Djsebaev.
- b.- O futbolista Edsón Arantes do Nascimento "Pelé"
- c.- O waterpolista Manuel Estiarte.

15.- ¿Que xogador do Bueu Atl. foi durante tres anos máximo goleador de 1ª Nacional?

- a.- Roberto Vidal, que saía cando estaba todo decidido.
- b.- Milucho
- c.- Julio Villanueva.

16.- ¿Quen foi o máximo goleador da categoría xuvenil no ano 2001?

- a.- Stanley Kubrik, mentras rodaba *2001, unha odisea no espacio*.
- b.- Manuel Castro, cando se lle acendían as luces.
- c.- Oliver Villanueva, un abusón.

17.- No ano 2003 visitaron a nosa Vila uns xogadores procedentes dun lonxano lugar, ¿sabería dicirnos de onde?

- a.- Da Illa de Reunión no Océano Índico.
- b.- De Marte foi o primeiro partido galáctico, perdón interastral.
- c.- Da Cuspedriños que como todo mundo sabe tamén existe alá lonxe.

18.- ¿Que célebre vehículo foi coñecido co nome da "furgoneta dos libios"?

- a.- Un que empregaron no París-Dakar e bateu un record percorrendo Libia.
- b.- Un prototipo deseñado na URSS para ir á lúa.
- c.- Un mercado polo Bueu Atl. en estado sospeitoso e que serviu de transporte de xogadores.

19.- ¿Onde xogou o Bueu Atl. o primeiro partido como local?

- a.- No campo de fútbol do Beluso.
- b.- No pavillón de O Grove.
- c.- No pavillón do I. María Soliño en Cangas.

20.- ¿Quen foi o autor do himno do clube?

- a.- Antón Reixa.
- b.- Cecilio Lago.
- c.- Manuel Omil.

SOLUCIÓNS: 1b, 2b, 3c, 4a, 5a, 6b, 7c, 8c, 9b, 10a, 11b, 12a, 13b, 14a, 15b, 16c, 17a, 18c, 19b, 20b.

RESULTADO DO TEST.

De 0 a 5 acertos: non se decata de nada, fai ben, para o que hai que ver.

De 5 a 10 acertos: Oe campás e non sabe onde.

De 10 a 15 acertos: Vai progresando pero segue a ser nulo.

De 15 a 20 acertos: Desde a máis absoluta pobreza chegamos ás máis altas cumes da miseria.

9-10 acertos: Non lle dá vergoña ser tan cotilla.